

REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.

Acta número 7, de 30 de abril de 2014

No día da data e baixo a presidencia do Sr. Decano, celébrase reunión ordinaria da Comisión de Calidade do Centro, segundo a correspondente orde do día e coa asistencia dos membros que a seguir se relacionan:

Brao Viña, Ana; Candia Durán, Francisco; Díaz Rodríguez, M^a Carmen; Fernández López, Isabel; Garrido Filgueira, Uxía; Otero Urtaza, Uxío; Rodríguez Lestegás, Francisco; Rodríguez Neira, Modesto Anibal; Silvosa Costa, Francisco; Souto Gómez, Montserrat; Viña Rouco, M^a Del Mar.

Xustificaron a súa ausencia os seguintes membros:

Fiuza Asorey, María; López Rúa, Paula; Navarro Paton, Rubén; Pena Presas, Montserrat; Poncet Souto, Marta.

Día: **30, Abril** de 2014

Hora: 13 h

Lugar: **Sala de Xuntas**

Orde do día:

1. Memoria de Calidade 2012-2013.
2. Modificación da composición da comisión.

1. Memoria de calidade 2012-2013.

O Presidente sinala que no ano 2012 só houbo unha reunión da Comisión de Calidade, xa que debido a que existen varias comisións delegadas algunhas cuestións que antes se trataban na Comisión de Calidade agora trátanse nas comisións de título.

De acordo co Sistema de Garantía de Calidade hai que elaborar unha Memoria anual correspondente ao curso 2012-2013 e publicala na web do centro. É conveniente ir tendo o documento preparado para cando veña o proceso de renovación da acreditación dos títulos. A Memoria de Calidade ten que referirse a todos os títulos que se imparten no centro xunto coas correspondentes accións de mellora. O día 22 de abril o Decanato enviou unha proposta de mellora para ter en conta e facer as correspondentes achegas. Con respecto ao documento enviado orixinalmente incorporou a acción de mellorar a coordinación entre os programas das materias do Máster en Profesorado de Educación Secundaria para evitar solapamentos e asegurar a complementariedade. Se non hai ningunha cuestión nova dáse por aprobada, convértese nun PDF e publícase na web da Facultade no apartado de Calidade.

Nos informes de seguimento figura unha acción en canto á necesidade de simplificar os dous manuais do Sistema interno de garantía de calidade (Manual e Manual de procesos). Poderíamos dirixirnos á área de calidade para que deseñasen unha nova aplicación informática que fose mais sinxela, coincidindo cun compromiso da propia Vicerreitoría de Calidade. Non obstante, en vez diso elaboraremos nós mesmos un

Manual simplificado seguindo un modelo adoptado por outras facultades e someterémolo á aprobación da Comisión de Calidade nunha próxima reunión.

2. Modificación da composición da Comisión.

Da Comisión actual forma parte como coordinador das antigas titulacións o Prof. Rubén Navarro Patón. Agora as antigas titulacións xa están a piques de se extinguir, polo que as tarefas da súa coordinación xa non se exercen, polo que, de acordo co propio afectado, cómpre que o prof. Navarro deixe de formar parte desta Comisión. Pola contra, procede incorporar a ela aos coordinadores dos TFG, xa que estas materias son un compoñente esencial das titulacións. Polo tanto, introdúcense os dous coordinadores dos Traballos Fin de Grao (un por cada titulación), que son:

- Xosé Ramón Veiga Alonso
- Andrés Domínguez Almansa

O Prof. Uxío Otero pregunta se hai calendario dos TFG. O Decano resposta que o luns que vén o Prof. Veiga vai enviar un correo electrónico a todo o alumnado que está facendo o TFG poñéndolles un prazo para que comuniquen oficialmente e con compromiso por escrito quen van ser os que teñen pensado presentar o TFG na oportunidade de Xuño-Xullo, de tal forma que de todos os que se apunten o podan facer (a menos que suspendan algunha materia); o que non pode ocorrer é que haxa algún que non o dixera e queira presentarse. Deste xeito teremos unha idea fiable do número máximo de TFG nesa convocatoria. Así saberase o número de tribunais que hai que constituír. Veiga comezará a constituílos a partir do día 15 de Xullo e ata o 23.

O Prof. Uxío Otero informa que con respecto ao Máster DAEN vai haber 7 ou 8 alumnos que presenten o TFM. E os tribunais poderían funcionar paralelamente aos do TFG tendo coidado de que non haxa coincidencias entre o profesorado. Os TFM de Secundaria son o 7, 8 e 9 de xullo e polo tanto non hai coincidencia.

O problema é constituír os tribunais dos TFG intentando que na medida do posible o Presidente sexa un experto no tema, os outros dous van por sorteo.

O Prof. Uxío Otero pregunta se sería posible engadir un pequeno vídeo para colgar na web da Facultade con información relevante sobre a mesma. Estudarase o tema.


Non habendo máis asuntos que tratar péchase a sesión.

A secretaria,



Mª del Mar Viña Rouco

Visto e prace, o presidente



Francisco Rodríguez Lestegás

REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.

Acta número 8, de 30 de outubro de 2014

No día da data e baixo a presidencia do Sr. Decano, celébrase reunión ordinaria da Comisión de Calidade do Centro, segundo a correspondente orde do día e coa asistencia dos membros que a seguir se relacionan:

Blanco Mosquera, Vicente; Brao Viña, Ana; Candia Durán, Francisco; Díaz Rodríguez, M^a Carmen; Fernández Fernández, Pilar; Fiuza Asorey, María; López Gómez, Santiago; López Rúa, Paula; Rodríguez Lestegás, Francisco; Rodríguez Neira, Modesto Anibal; Souto Gómez, Montserrat; Veiga Alonso, Xosé Ramón.

Xustificaron a súa ausencia os seguintes membros:

Aznar Cuadrado, Virginia; Garrido Filgueira, Uxía; Otero Urtaza, Uxío; Pena Presas, Montserrat; Poncet Souto, Marta; Silvosa Costa, Francisco Xosé.

Atópanse de baixa médica ou con licenza Isabel Fernández López e M^a Mar Viña Rouco.

Actúa como secretario accidental Vicente Blanco Mosquera.

Día: 30 de outubro de 2014

Hora: 12 h

Lugar: Sala de Xuntas

Orde do día:

1. Modificación do Manual Simplificado do SGIC da Facultade.
2. Informes de Seguimento dos Graos en Mestre 2013-2014.

1. Modificación do Manual Simplificado do SGIC da Facultade.

O Presidente sinala que recentemente foi actualizado o Manual Marco ao que deben adaptarse os manuais simplificados dos centros. As actualizacións afectan aos apartados de “Indicadores” e “Evidencias do sistema de calidade”. Ademais de proceder a efectuar os engadidos correspondentes nestes apartados, inclúese un novo epígrafe co organigrama do equipo decanal, modifícase o capítulo “Política e obxectivos de calidade” (que pasa a denominarse “Política de calidade da Facultade de Formación do Profesorado”), actualízase o mapa de procesos e introdúcese outras pequenas modificacións na redacción do documento.

A Comisión aproba estas modificacións e acorda someter a nova versión do Manual Simplificado á aprobación da Xunta de Facultade.

2. Informes de Seguimento dos Graos en Mestre 2013-2014.

O Presidente informa sobre o proceso seguido para a elaboración dos Informes de


Seguimento dos Graos en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria correspondentes ao curso 2013-2014. Ao tratarse de títulos compartidos por esta Facultade e a de Ciencias da Educación, cómpre efectuar un único informe por título para conseguir a conformidade da ACSUG. Por esta razón, a elaboración dos informes correu a cargo da Comisión de Coordinación Intercentros, creada a instancias da ACSUG para este e outros asuntos relacionados co desenvolvemento dos plans de estudos que requira actuacións conxuntas.

Os informes inclúen os apartados de: datos da universidade e do título obxecto do seguimento, información pública que a universidade facilita sobre o título, reflexións sobre os distintos criterios, boas prácticas, propostas de mellora e plan de melloras que se concreta en distintas accións de mellora.

A Comisión aproba os informes de seguimento e acorda o seu envío á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC.

Non habendo máis asuntos que tratar péchase a sesión.

O presidente,



Francisco Rodríguez Lestegás